

Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar co Concello de Lugo o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo para o establecemento do período de prácticas en empresa, dirixido ao alumnado de formación profesional e o desenvolvemento do mesmo nas dependencias e áreas do Concello de Lugo que se determinen.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.
Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.



2. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo están dispostos a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

